



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2022/23 |
| Asignatura (*) | Historia da Arquitectura 1 | Código | 630G02035 | |
| Titulación | Grao en Estudos de Arquitectura | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Cuarto | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición | | | |
| Coordinación | Alonso Pereira, Jose Ramón | Correo electrónico | jose.ramon.alonso.pereira@udc.es | |
| Profesorado | Alonso Pereira, Jose Ramón Caridad Graña, Juan Antonio Río Vázquez, Antonio Santiago | Correo electrónico | jose.ramon.alonso.pereira@udc.es juan.caridad@udc.es antonio.rio.vazquez@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Parte primeira da materia Historia da Arquitectura desenvolvida no cuarto curso do Grao en Estudos de Arquitectura, esta materia presenta a arquitectura do pasado a través do seu valor como patrimonio construído, centrándose para iso no medio España e Galicia, onde se desenvolve a actividade docente e a aprendizaxe do alumnado, establecendo unha cadea histórica que analice o proceso proxectual e explique os porqués das permanencias e os cambios na arquitectura. | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|--|
| Código | Competencias do título |
| A38 | Capacidade para intervir en e conservar, restaurar e rehabilitar o patrimonio construído. (T) |
| A42 | Aptitude para catalogar o patrimonio edificado e urbano e planificar a súa protección. (T) |
| A49 | Coñecemento axeitado da historia xeral da arquitectura. |
| A51 | Coñecemento axeitado dos métodos de estudo das necesidades sociais, a calidade de vida, a habitabilidade e os programas básicos de vivenda. |
| A52 | Coñecemento axeitado da ecoloxía, a sostibilidade e os principios de conservación de recursos enerxéticos e medioambientais. |
| A53 | Coñecemento axeitado das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas da cultura occidental, así como dos seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos. |
| A57 | Coñecemento axeitado da socioloxía, teoría, economía e historia urbanas. |
| A63 | Elaboración, presentación e defensa ante un Tribunal Universitario dun traballo académico orixinal realizado individualmente relacionado con calquera das disciplinas cursadas. |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |
| B3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| B4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado |
| B5 | Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| B6 | Coñecer a historia e as teorías da arquitectura, así coma as artes, tecnoloxías e ciencias humanas relacionadas con esta |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |



| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|--|--|----------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| | Comprender, cunha visión xeral e unitaria, o devir da arquitectura histórica | A38 A49 A51 A52 A53 A57 | B2 B3 B4 B5 B6 |
| Explicar o por qué das permanencias e das mudanzas da arquitectura e do urbanismo | A38 A42 A49 A51 A52 A53 A57 | B2 B3 B4 B5 B6 | C1 C4 C6 C7 C8 |
| Fundamentar o coñecemento dos problemas históricos da arquitectura nas súas diversas escalas | A38 A42 A49 A51 A52 A53 A57 | B2 B3 B4 B5 B6 | C1 C4 C6 C7 C8 |
| Comprender os problemas da arquitectura histórica en sí mesma e no seu proceso proxectivo | A38 A42 A49 A51 A52 A53 A57 A63 | B2 B3 B4 B5 B6 | C1 C4 C6 C7 C8 |
| Comprender os problemas da urbanismo histórico, en sí mesmo e no seu proceso proxectivo | A38 A42 A49 A51 A52 A53 A57 A63 | B2 B3 B4 B5 B6 | C1 C4 C6 C7 C8 |

| Contidos | |
|----------------|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. Fundamentos | 1. A historia da arquitectura como historia da cidade e do territorio 2. A arquitectura como patrimonio construído |



| | |
|---------------------------------------|--|
| 2.A arquitectura histórica en Galicia | <ol style="list-style-type: none"> 1. As orixes da arquitectura 2. A Idade Media. <ol style="list-style-type: none"> 2.1. A Galicia parroquial e territorial 2.2. A Galicia catedralicia e urbana 3. Os renacementos 4. O esplendor do barroco <ol style="list-style-type: none"> 4.1 O barroco nos medios relixiosos 4.2 O barroco nos medios urbanos 5. Neoclasicismos e eclecticismos 6. As bases da arquitectura moderna |
|---------------------------------------|--|

| Planificación | | | | |
|---------------------------|--|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | A38 A42 A49 A51 A52 A53 A57 A63 B2 B3 B4 C1 C4 C6 C7 C8 | 1 | 0 | 1 |
| Sesión maxistral | A38 A42 A49 A51 A52 A53 A57 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 C8 | 40 | 0 | 40 |
| Discusión dirixida | A38 A42 A49 A51 A52 A53 A57 A63 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 C8 | 13 | 0 | 13 |
| Traballos tutelados | A38 A42 A49 A51 A52 A53 A57 A63 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 C8 | 0 | 45 | 45 |
| Prácticas a través de TIC | A63 B2 B3 B4 B5 B6 C1 | 0 | 15 | 15 |
| Proba obxectiva | A38 A42 A49 A52 A53 A57 A63 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 C8 | 4 | 30 | 34 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|----------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Encadramento da asignatura no Plano de Estudos. Plantexamento do curso e obxetivos pretendidos. |
| Sesión maxistral | Clases teóricas e exposicións orais complementadas co uso de medios audiovisuais, coa finalidade de transmitir ó alumno as bases fundamentais dos coñecementos e facilitar a súa aprendizaxe. |
| Discusión dirixida | Fomento da participación do alumno na exposición e defensa das súas teses sobre o asunto tratado. Búsqueda de debate e polémica. Importancia da formulación de preguntas (inda que as veces queden sin responder) como paso previo á obtención de respostas. |



| | |
|---------------------------|---|
| Traballos tutelados | Como complemento das clases expositivas e das interactivas, e co obxecto de promover a aprendizaxe autónoma e grupal. Os estudantes desenvolverán continuamente traballos prácticos de tipo analítico en diversos formatos baixo a tutela dos profesores. |
| Prácticas a través de TIC | Tanto as propostas dos traballos tutelados como a súa elaboración e contestación faranse a través das TIC. |
| Proba obxectiva | Plantexaranse cuestións sobre o temario para ser respondidas en papel tanto de forma escrita como gráfica. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | Como complemento das clases expositivas e das interactivas, e co obxecto de promover a aprendizaxe autónoma e grupal. Os estudantes desenvolverán continuamente traballos prácticos de tipo analítico en diversos formatos baixo a tutela dos profesores. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|---------------------|--|--|---------------|
| Proba obxectiva | A38 A42 A49 A52 A53 A57 A63 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 C8 | Configurada como: 1. Preguntas concretas sobre o conxunto das materias do programa. 2. Temas de reflexión e análise da arquitectura e o urbanismo nos distintos aspectos abordados no temario. 3. Análises concretos individualizados ou comparativos de textos, obras ou fragmentos arquitectónicos e/ou urbanos, valorando a capacidade analítica da arquitectura nas súas diversas escalas e grados de profundidade. | 60 |
| Traballos tutelados | A38 A42 A49 A51 A52 A53 A57 A63 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7 C8 | Realización satisfactoria dos traballos tutelados mostrando unha adecuada progresión ó longo do curso. | 40 |

Observacións avaliación



A avaliación da asignatura configúrase como unha suma ponderada de probas obxectivas e traballos tutelados que serán expostos polos alumnos nas clases interactivas. Dentro do proceso de avaliación continua, realizaranse tres probas parciais liberatorias ao longo do curso, sobre os contidos impartidos ata o momento. Para liberar a materia correspondente é necesario aprobar o parcial.

A asistencia ás clases presenciais é necesaria para ser avaliado. O traballo no presencial é valorado a través dos traballos tutelados cun peso do 40% na calificación final.

A proba obxectiva terá un peso total do 60% na calificación final.

Cada unha das partes que forman a calificación (traballo tutelado e proba obxectiva) son valorados de 0 a 10 puntos.

Para poder aprobar a materia débense cumprir as dúas condicións seguintes:

1. A nota mínima en cada unha das respostas da proba obxectiva e en cada un dos traballos tutelados será de 3 puntos.

2. Unha das partes da proba obxectiva e un dos traballos tutelados teñen que obter unha calificación igual ou superior a 5 puntos.

Para poder ser avaliado na primeira oportunidade (xaneiro) o alumno debe cumprir a totalidade dos seguintes requisitos:

1. Asistir ó menos ó 80% das clases presenciais.

2. Entregar os traballos tutelados nas datas sinaladas.

3. Realizar a proba obxectiva, non deixando sen contestar a ningunha das preguntas plantexadas.

No caso de non cumprir algún dos primeiros puntos, o alumno obterá un "Non presentado" na convocatoria (oportunidades de maio e xullo).

Si o alumno non se presenta á proba obxectiva na primeira oportunidade, cumprindo o resto de requisitos, obterá un "Non presentado" en maio.

Na segunda oportunidade (xullo), repetirase soamente a proba obxectiva, coas mesmas condicións que na primeira oportunidade, á que soamente se poderán presentar aqueles alumnos que:

1. Ou ben cumpriran os tres requisitos citados anteriormente e non alcanzara a puntuación suficiente para aprobar.

2. Ou ben cumpriran os dous primeiros pero non se presentaran á proba obxectiva na primeira oportunidade.

Aqueles estudantes que participen programas de mobilidade saínte ou entrante adaptaranse ás mesmas normas que o resto do estudiantado.

Avaliación

en convocatoria adiantada: Para poder optar á avaliación en convocatoria adiantada deben cumprirse as condicións de avaliación xeral nun curso previo.

Estudantes

con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de

exención de asistencia: Para estes casos, sempre que conten con recoñecemento oficial da

dirección do centro, non se terá en conta a esixencia de asistencia mínima, manténdose o resto de esixencias xerais establecidas.

Plaxio: No relativo ao plaxio se atenderá ao indicado no Art. 14º das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.



Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | Alonso Pereira, J. R.: Introducción a la historia de la arquitectura (Barcelona: Reverté) Soraluze Blond, J. R.: Guía da arquitectura galega (Vigo: Galaxia)Vázquez Varela, J. M. y otros: Historia del arte gallego (Madrid: Alhambra) |
| Bibliografía complementaria | En paralelo á realización dos traballos tutelados, en cada curso académico concretarase a bibliografía específica para a realización dos mesmos. |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Teoría da Arquitectura/630G02025
Introdución á Arquitectura /630G02005
Historia da Arte/630G02015

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Como parte das tarefas da materia, poderase preparar material síntese do traballo realizado para a súa exposición conxunta a finais de curso, no evento organizado polo Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición: "Arquitecturas en Curso. DPAUC" (paneis, maquetas, debuxos, vídeos, textos, performances, etc.). Ao longo do curso, o profesorado pode recomendar a asistencia a determinados eventos divulgativos (congresos, xornadas, simposios, conferencias, etc.), organizados pola ETSAC, o DPAUC, etc., que teñan relación co contido docente da materia, co obxectivo de proporcionar ao alumnado coñecementos e experiencias actuais referentes a un determinado ámbito de estudo.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías